


De arriba
abaixo: exterior do
museo; cabaleta de
São Vicente; “zor-
ra 53”; vista dunha das
salas da exposición
permanente.



São Pedro da Cova é unha parroquia do concello luso de Gondomar que garda unha longa historia relacionada coa explotación do carbón. Aquí está o Museu Mineiro, instalado na antiga Casa da Malta que servía de aloxamento para os operarios que chegaban a traballar doutras partes do país. Convertida en espazo museístico desde 1989, consta de distintas áreas onde se contemplan imaxes da actividade mineira, maquinaria, mineiros, bibliografía e todo o relativo a un labor que se desenvolveu en São Pedro durante case douscentos anos. Un proceso con diferentes fases que se explican a través dos diversos edificios que compoñen o complexo industrial, clasificado como monumento de interese público (MIP) desde o 19 de marzo de 2010.

Tras o peche da Companhia das Minas de Carvão, a propia poboación puxo en marcha accións destinadas á recollida de obxectos e documentación referidas á actividade mineira. Con esta colección, a Junta de Freguesia de São Pedro da Cova decidiu adquirir a Casa da Malta —onde durmían os traballadores, chamados “malteses”— e inaugurar o Museu Mineiro que abarca tanto a vertente industrial como a xeolóxica. Un dos obxectivos do centro é continuar aumentando o seu acervo, tanto a través da adquisición como da doazón de material.

Único no seu xénero en Portugal, constitúe un exemplo vivo da preservación de todo un pasado histórico relativo á tradición mineira local, así como de implicación das xentes de São Pedro da Cova na súa memoria colectiva. O espazo garda desde vagonetas a cascos, picos, documentos, fotos, vídeos e todo tipo de obxectos e máquinas que explican o traballo nas galerías. Existe tamén unha sección xeolóxica a través da exposición de fósiles e pedras de carbón. Un corredor con raís e vagón simula a entrada a un dos foxos coas ferramentas utilizadas para a extracción do mineral, a súa transformación e o seu traslado ás centrais eléctricas. Para iso estaba a “Zorra 53”, o tranvía de carga que facía a viaxe ata Porto, onde se distribuía o carbón tanto para uso comercial como doméstico que abastecía gran parte do país.

Co fin de baixar os custos

Memoria da Terra

Museo da Minería (São Pedro da Cova, Gondomar)

TERE GRADÍN

Ademais dos elementos patrimoniais e naturais da parroquia de São Pedro da Cova (unida á de Fânzeres) —como as ribeiras do río Ferreira ou a súa igrexa e capelas—, o concello de Gondomar ten moito que coñecer. Sitúase na área Metropolitana do Porto e polo seu territorio flúe o Douro ao longo de 37 quilómetros. O río e as súas paisaxes son os emblemas deste municipio de múltiples atractivos, integrado na Rota da Filigrana pola súa longa tradición ourive. Porque os principais polos de fabricación localízanse nas inmediacións do Porto, con Gondomar como un dos grandes centros produtores. Esta artesanía nace da sabedoría de séculos, en pequenos obradoiros manuais con técnicas transmitidas a través de xeracións.

Para impulsar este patrimonio, a Rota da Filigrana presenta os xenuínos ourives da terra. Nos talleres pódense ver pezas únicas, ademais de coñecer ao autor e seguir todo o proceso produtivo. No “ranking” das oito maiores empresas portuguesas de xoiaría e ourivaría, cinco son gondomarenses. O sector en Gondomar

Do Douro e do ouro

registra preto do sesenta por cento da produción lusa. No apartado arquitectónico hai tamén moito por ver como o Solar da Bandeirinha —do século XVI—, a Casa Branca de Gramido —do XVIII— ou igrexas como a de Río Tinto, a de São Cosme e a de São João da Foz do Sousa, impresionantes coa súa talla dourada.

asociados á adquisición do mineral, a Companhia de Carris de Ferro do Porto creou unha liña eléctrica para a circulación destas particulares máquinas chamadas “zorras”, especializadas no transporte da pedra negra e de cinzas. A 53 estaba chamada ao desope pero foi entregada á parroquia nos anos 90 e restaurada. Agora loce no xardín do museo como parte da identidade da poboación. Mesmo o seu arranxo e posta a punto foi feita por unha empresa de São Pedro da Cova, cuxo propietario é fillo dun antigo mineiro.

En 1963 comezouse a edificar a Casa da Malta, que se inauguraría ao ano seguinte. O lugar serviu de vivenda aos “malteses” que chegaban para traballar na explotación do carbón ata 1970. Á parte da exposición permanente, nos últimos anos o museo optou por unha vertente dinámica que inclúe —ademais de visitas guiadas e actividades pedagóxicas— opcións como “O Regreso ao pasado”, que posibilita aos visitantes vivir a época da explotación do carbón e a rutina diaria da Casa da Malta na década dos 60. Co inicio do curso, o museo tamén empezou o proxecto “Museu vai à escola” cunha “maleta pedagóxica” que conta a historia do descubrimento do carbón e das profesións mineiras.

Tan antigo como a “zorra”



é o cabaleta, visible desde todas partes. A súa construción xurdiu da necesidade de colocar os cables de suspensión das “gaiolas” (elevadores) ao longo dos pozos verticais para levar o carbón ex-

traído nas galerías subterráneas. Levantado sobre o foso de São Vicente, converteuse na imaxe dunha comunidade mineira e marca a súa presenza dominante na paisaxe.